

INSTRUCCIÓN 19/2021, DA XERENCIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, SOBRE DOSE DE RECORDO DE VACINACIÓN COVID 19 AO PERSOAL DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

A situación epidemiolóxica actual mostra una tendencia ascendente na taxa de incidencia pola enfermidade por SARS- CoV-2 nas últimas semanas.

A información en España sobre a efectividade das vacinas mostra unha perda da protección fronte á infección, a partir dos 3-6 meses dende a vacinación completa e coa extensión das novas variantes é necesario incrementar esta protección.

O persoal dos centros de atención primaria e hospitalaria foron os primeiros colectivos que se priorizaron, debido a un maior risco de exposición e por ser un soporte fundamental para manter o funcionamento do sistema sanitario.

A Estratexia de vacinación fronte á COVID-19 do Ministerio de Sanidade ten publicada a recomendación de administrar a estes colectivos a dose de recordo.

Con base nesa estratexia, administrárase unha dose de recordo con vacinas de ARNm (tanto co preparado de Pfizer como co de Moderna, independentemente da vacina utilizada na primovacinação).

Esta dose de recordo administrárase a partir dos 6 meses de ter completado a pauta de vacinación, se a vacina previa é de ARNm. No caso de ter recibido unha dose da vacina de Janssen ou dúas doses da vacina de Astrazeneca como primovacinação, a dose de recordo administrárase a partir dos 3 meses.

O obxectivo establecido é ter a este grupo inmunizado o día 19 de decembro, polo tanto, con anterioridade ás festas do Nadal.

A vacinación deste colectivo debe ser prioritaria e coa maior axilidade posible, coa máxima optimización dos recursos dispoñibles (concretamente de enfermaría), polo que se fará unha primeira convocatoria masiva dende saúde pública a todo o persoal para vacinarse en grandes recintos así como nos Hospitais de Distrito.

A finalidade é vacinar en sete días a 100.000 persoas, tanto do Servizo Galego de Saúde como doutros servizos sanitarios do sector, hospitais privados e concertados, mutuas de accidentes, centros sociosanitarios, clínicas médicas, farmacias, etc.

As áreas sanitarias deben tratar de optimizar ao máximo ao persoal de enfermaría, neste intre da nova onda, coa falta de dispoñibilidade deste persoal en practicamente todos as áreas; cumpre tamén optimizar as vacinas para o seu máximo aproveitamento coa finalidade de acadar o obxectivo antes citado.

A citación será masiva, pero, para salvar as posibles dificultades de coincidencia da cita con activades asistenciais, as xerencias darán facilidades e flexibilidade horaria na cita, polo que ás áreas enviarán unha mensaxe aos traballadores e traballadoras do seu ámbito informando da posibilidade de cambiar a hora e de repesca no caso de que a cita recibida sexa coincidente coa actividade asistencial.

As citacións serán coincidentes coa cidadanía e faranse en quendas de tarde, domingos e festivos coa intención de mínima repercusión na actividade asistencial.

En consecuencia, con base nas facultades atribuídas no artigo 5 do Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e no artigo 5.2 do Decreto 134/2019, do 10 de outubro, polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios, e sen prexuízo doutras instrucións xa aplicables ou que se poidan remitir ao respecto (espazos e medios de traballo, medidas de protección, proceso de vacinación...), dítanse as seguintes

INSTRUCCIÓNS

Primeiro: Obxecto e ámbito

As presentes instrucións están dirixidas ás xerencias e direccións das áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde e ao persoal que presta servizos nelas e ten por obxecto organizar a vacinación de recordo COVID 19 de forma centralizada en grandes recintos, coordinada e homoxénea.

Instrución 19/21



Segundo: Equipos de vacinación

Os equipos de vacinación organizaranse nos centros de vacinación masiva determinados por cada área sanitaria, tendo en conta para a súa determinación que o persoal designado en xornada ordinaria con orixe en atención primaria será substituído no seu posto de orixe.

Ademais do persoal de xornada ordinaria de atención primaria, destinarase ao persoal de enfermaría de medicina preventiva e saúde laboral.

En canto ao persoal vinculado por emerxencia sanitaria que ten sido prorrogado para a cobertura de necesidades derivadas do COVID será destinado ás funcións de vacinación.

Para cubrir horarios non ordinarios e ante a falta de persoal de enfermaría nas listas, poderase completar a programación semanal co persoal necesario con xornada complementaria. A tal fin, realizarase unha oferta de voluntariedade entre todo o persoal de enfermaría da área sanitaria para a realización de xornada complementaria nos centros habilitados como puntos de vacinación, do cal se informará á xunta de persoal/comisión de centro. O persoal voluntario/a será chamado para cubrir as quendas necesarias pola orde de preferencia. O persoal voluntario/a que presta servizos fóra da xornada ordinaria percibirá o complemento establecido pola realización de xornada complementaria.

O persoal en xornada complementaria de enfermaría deberá equilibrarse co persoal en xornada ordinaria dedicado á vacinación.

Terceiro: CITACIÓN

Co fin de ter vacunado ao persoal antes do Nadal e así cumprir os prazos establecidos, a vacinación de recordo do persoal dos centros sanitarios aos que lle corresponda a dose, realizarase dende saúde pública, a través de mensaxe SMS e cita en web. Aínda que, dada a posible coincidencia coa actividade asistencial e dadas as dificultades de relevo e cobertura, en tal caso, daraselle a posibilidade de flexibilizar o horario da cita.



Con esa finalidade, as áreas deberán enviar ao seu persoal unha mensaxe de texto coa seguinte información:

A hora da cita é flexible. Deberá adaptarse ás necesidades da súa actividade asistencial, podendo acudir a calquera outra hora do día. Para as persoas que finalmente non poidan acudir no día, establecerase unha quenda de repesca na semana posterior.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

José Flores Arias

Xerente do Servizo Galego de Saúde

Instrución 19/21

